Filosofía

ELAS PRE-SEN-TES



Berro Bambán

Urdime
PROPOSTAS CULTURAIS



Elas Presentes é un proxecto impulsado por Berrobambán e contou co apoio a proxectos singulares de especial interese cultural da Área de Cultura da Deputación da Coruña.

Publicación:
Decembro 2018

Texto:
Miguel Vázquez Feire

Deseño e maquetación:
Nadina Gráfica

Revisión lingüística:
Lara Rozados

Revisión de xénero:
Maria Rosendo

Coordinación xeral:
Miriam Rodríguez
Maria Rosendo

Créditos das imaxes:
Páxinas: 18: University of California, Berkeley / 21: Columbia GSAPP / 25: *Busto de Aspasia*, descoñecid@. Reprodición fotográfica de Jastrow / 26: Saint Paul Apostle, Andrej Rublev / 28: Maurice Quentin de La Tour / 29: Reproducción fotográfica de Boranov / 30: John Opie / 31: Friedrich Hartmann / 33: Raúl Cancio / 35, 36: Mika Audiovisual

Arquivo:
archive.org/details/@elas_presentes

Neste espazo proporciónanse copias de todos os enlaces de internet presentes nesta unidade co obxectivo de garantir a súa dispoñibilidade. Do mesmo xeito, tamén se inclúen outros materiais relacionados con esta e outras materias que poden ser de interese, e se incluirá aquel material que sexa remitido polos centros escolares como documentación do traballo realizado nas aulas.

Síguenos
ElasPresentes

Contacto:
elaspresentes@berrobamban.com



Índice

Introdución

Elas Presentes ten como obxectivo facilitar no ámbito escolar o tratamento da igualdade, e analizar criticamente a invisibilidade das mulleres ao longo da historia desde unha perspectiva global, abranguendo unha boa parte das materias presentes no curriculo de secundaria.

Elas Presentes ten como punto de partida a representación da peza teatral *Filosofar a paus* aproveitando o carácter lúdico, a identificación do público e a capacidade de xerar un discurso crítico propio do teatro. A obra afronta de xeito directo a problemática da igualdade de xénero poñendo ao descuberto como algúns dos filósofos máis recoñecidos, presentes no curriculo das materias filosóficas, contribuíron coas súas ideas a construír o discurso dominante do patriarcado, que descualificaba ás mulleres reducíndoas en exclusiva ao papel de nais e esposas submisas. E ao tempo desvela que a pesar diso, a pesar dos paus que recibían ou os que colocaron no seu camiño, existiron mulleres filósofas que se rebelaron, pero cuxa memoria foi borrada baixo a influencia daquel discurso dominante.

Malia o que se poida pensar sobre a especificidade temática da peza, a realidade é que o fondo do asunto é xeral, é dicir, que as razóns que se explicitan na peza son as mesmas para que se producise a invisibilidade das mulleres noutros campos científicos e artísticos. Para facilitar o tratamento desta temática nas aulas *Elas Presentes* propón unha batería de unidades didácticas orientadas a todas as áreas presentes no currículo de secundaria: filosofía, ciencias, lingua e literatura, artes e cultura visual.

Xustificación:

No currículo básico da ESO e do Bacharelato (RD 4/12/2014) identifícanse os valores transversais que deben ser contemplados en todas as áreas e materias, entre as que se atopa a promoción da igualdade plena entre homes e mulleres. Porén, no currículo oficial das materias asociadas co Departamento de Filosofía (4º da ESO e de 1º e 2º de bacharelato), tanto as figuras canónicas cuxo estudo se promove como os contidos principais seguen respondendo de forma predominante ao modelo que a obra Filosofar a paus denuncia. Acontece tamén que, na medida en que algún contido do currículo oficial destas materias abre a porta a un enfoque alternativo, acorde co novo valor transversal devandito, a dimensión excesiva do groso dos contidos curriculares conduce con frecuencia a que o traballo cos novos valores acabe sendo sacrificado a favor dos contidos tradicionais.

Nesta Unidade pretendemos proporcionar determinadas dinámicas que permitan ao profesorado de Filosofía traballar nas aulas esta problemática, tirando partido das suxestións motivadoras que a representación de Filosofar a paus ofrece.

Metodoloxía:

Alumnado:

4º — ESO
1º-2º — Bach.

A metodoloxía será activa, participativa e orientada a favorecer actividades de cooperación entre todo o alumnado, ao tempo que fomenta a adquisición do pensamento crítico e rigoroso.

Os principios metodolóxicos que guían a concepción das actividades que se van desenvolver baséanse na investigación e acción, que parte de promover a aprendizaxe a partir da actividade autónoma e comprensiva do alumnado. Nesa dirección, imitando a proposta da obra de teatro, Filosofar a paus, situaremos á rapazada como persoal investigador que deberá resolver polos seus propios medios os enigmas aos que o profesorado o confronta:

Por que no currículo de filosofía non aparecen (ou aparecen apenas) nomes de mulleres filósofas?

Por que as ideas sobre as mulleres dos grandes filósofos son silenciadas nese currículo?

Por que esas ideas coinciden cos estereotipos de xénero característicos da ideoloxía patriarcal?

É posible que esas ideas teñan influído na «desaparición» das mulleres filósofas?

Acaso non teñen influído tamén na persistencia dos devanditos prexuízos aínda nos nosos días?


O papel do profesorado non consistirá, xa logo, en ningún caso, en proporcionar as respostas a estas preguntas, senón en acompañar ao alumnado na súa propia investigación para atopar por si mesmo esas respostas. Nese acompañamento, deberá desde logo achegar recursos especialmente respecto das fontes (bibliográficas, na rede, etc) e dos procedementos de busca da información.

Igualmente importante é, no que atinxe ao papel do profesorado, favorecer no alumnado a expresión das propias ideas en forma ben argumentada e o uso de diferentes recursos (escritos, mais tamén gráficos, e mesmo, de ser posible, audiovisuais) para difundilas.

Seguindo cos principios da investigación e acción, é esencial que o alumnado transforme os coñecementos adquiridos en actividades conscientes. Como nos movemos no eido do pensamento abstracto, estas actividades adoptarán fundamentalmente a forma de discursos argumentados racionalmente. Mais é esencial que tanto aqueles coñecementos como estes discursos conecten con aspectos da vida cotiá e da realidade social propia do alumnado, para evitar que se reduzan a ser simples frases memorizadas durante un curto espazo de tempo sen repercusión práctica.

Contidos:

Os principais contidos que serán contemplados nesta unidade poden sintetizarse en:




Ideas sobre as mulleres nos grandes autores presentes no currículo de Filosofía.

Mulleres filósofas coetáneas dos grandes autores.

Ideas sobre as mulleres nas autoras filósofas.

Coincidencias e discrepancias das ideas sobre a mulleres nos filósofos homes e nas filósofas mulleres.



Evolución histórica desas ideas en relación coa construción do ideario da Declaración Universal dos Dereitos Humanos e o avance das sociedades democráticas.

Obxectivos:

Recoñer a importancia do respecto aos dereitos humanos nunha sociedade democrática e, en especial, a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes como valores centrais nunha sociedade pluralista.

Rexeitar a persistencia de estereotipos de xénero que contribúen a xustificar actitudes discriminatorias entre homes e mulleres e moi en especial aqueles que gardan relación coa violencia de xénero.

Desenvolver as capacidades cognitivas nestes eidos ao par do desenvolvemento afectivo, promovendo a empatía como mecanismo emocional que predispón a situarse no lugar de outro/a para deste xeito erradicar calquera pretensión de atribuírse privilexios en relación coas demais persoas.

Desenvolver destrezas básicas na utilización de fontes de información (bibliografía, web…) xunto coa capacidade para avaliar criticamente a fiabilidade das fontes.

Potenciar a adquisición de madurez persoal e social, necesaria para actuar de forma responsable, autónoma e crítica, e ser quen de resolver os conflitos mediante o recurso á argumentación razoada e o respecto polas opinións alleas.

Afondar na capacidade para expresarse de maneira fluída en forma oral e escrita e facendo uso dos novos medios (audiovisuais, informáticos).

Coñecer veraz e criticamente aspectos do pasado, en particular en relación co pensamento filosófico arredor da imaxe das mulleres e da repartición dos roles de xénero entre homes e mulleres, e reflexionar sobre a influencia desas ideas no mundo contemporáneo.

Iniciarse no coñecemento dos debates contemporáneos, tanto filosóficos como científicos, sobre as diferenzas entre homes e mulleres e a defensa democrática da súa igualdade en dereitos e deberes.

Competencias Clave:

As actividades previstas nesta Unidade están enfocadas a contribuír no desenvolvemento das seguintes competencias:

- competencia en comunicación lingüística (CCL)
- competencia dixital (CD)
- aprender a aprender (CAA)
- competencias sociais e cívicas (CSC)
- competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- competencia en conciencia e expresión cultural (CCEC)

Criterios de avaliación:

O profesorado deberá determinar, de acordo coas condicións de avaliación contempladas no currículo básico da ESO e do Bacharelato e do previsto na programación didáctica do propio centro, o tipo de procedemento e criterios de avaliación que se pode aplicar ao alumnado que participe nas actividades previstas nesta Unidade. Pola nosa parte suxerimos que se tomen en conta os seguintes aspectos no procedemento avaliador:

Grao de participación individual no traballo de grupo.

Disposición e implicación cooperativa na elaboración das conclusións do grupo.

Capacidade de síntese na identificación dos principais contidos (ideas dos filósofos sobre as mulleres, mulleres filósofas por cada período histórico estudado, ideas das mulleres filósofas sobre as mulleres, contradición entre estas ideas e as ideas dos filósofos).

En caso de que se opte pola presentación de conclusións persoais, xulgarase a correcta redacción das mesmas e o uso igualmente correcto da argumentación racional, identificando as posibles obxeccións e refutándoas debidamente.

En caso de que a presentación das conclusións sexa tamén grupal, a avaliación será idéntica para cada compoñente do grupo agás no caso de que a súa avaliación nos puntos 1 e 2 sexa negativa.


Actividades:

Lembrade enviarnos os enlaces, fotos e todo o material que estimedes sobre as vosas actividades, para o seu arquivo e difusión a través do espazo do proxecto en Archive.org e o Facebook do mesmo.

elaspresentes@berrobamban.com

As actividades previstas están concibidas para ser desenvolvidas en sesións de clase (45-50 min.), divididas en 4 actividades nunha primeira clase preparatoria antes da asistencia á representación, unha segunda de reflexión e debate inmediatamente despois da representación, e dúas de ampliación e elaboración de conclusións.

Naturalmente, **esta proposta pode e debe ser adaptada de acordo coa dinámica propia do centro**, reducindo ou ampliando o tempo de desenvolvemento.




Actividade 1

Antes da representación

Cuestionario

Antes de asistir á representación suxerimos unha actividade preparatoria dirixida a situar ao alumnado, por así dicir, no mesmo contexto da investigación que desenvolverán a actriz e o actor protagonistas no percurso da obra. Con ese obxecto, proporáselle ao alumnado responder individualmente a un breve cuestionario ● para logo abrir un debate a partir das respostas, debate que pode ser organizado aplicando a dinámica de grupos. Buscando que esa dinámica amose as posibles (e probables) diferenzas nas respostas entre rapaces e rapazas, procurarase que os grupos estean formados por un lado por alumnos, por outro por alumnas.

●Anexo 1
Cuestionario



Debate

Trala discusión por grupos, cada grupo presentará as súas conclusións sobre as frases coas que se identifica e exporá as razóns desa identificación (son verdadeiras, son eticamente máis defendibles, son máis xustas...).

(O profesorado poderá substituír, se así o considera oportuno, algunha destas frases por outras tomadas das citas que se recollen ao final)

Comprobarase logo en que medida as diferenzas entre os grupos reproducen, ou non, as diferenzas de sexo e procurarase tirar algunha conclusión a partir deses datos.

Actividade 2

Despois da re-presentación

Despois da representación suxírese comezar propoñendo un diálogo aberto entre o alumnado sobre a súa recepción da obra. Os puntos que seguen constitúen tan só unha breve lista de suxestións para promover ese diálogo:

- → Cal foi a súa recepción? (que lles gustou e que non, e por que).
- → Que diferenzas atopan entre o papel da actriz e o do actor?
- → Cal é o tema principal que domina na obra?
- → Como interpretan os tres pasos na investigación que os dous personaxes se propoñen (o home como suxeito e a muller como obxecto, a muller como suxeito, a muller como suxeito e obxecto á vez)?
- → A filosofía adopta a forma dun discurso conceptual mentres que o teatro é acción: hai nesa dualidade algunha contradición? Como resolven este problema na representación?
- → O teatro tamén é pensamento: concórdase con esta frase que se di na obra? Que diferenza hai na expresión do pensamento nunha peza teatral e nun texto filosófico? Pode haber teatro sen pensamento?
- → A «investigación«que se desenvolve na representación acaba tomando a forma de tres xéneros populares na cultura audiovisual: o cine policial, o de superheroes «e superheroínas« e o de epidemias. Facilita isto a mellor comprensión do tema tratado?
- → A montaxe da obra presenta a forma do que adoita chamarse «o teatro dentro do teatro«, é dicir, unha obra de teatro na que se representa o proceso de creación dunha obra de teatro. Foi isto ben comprendido? Supúxolles algunha dificultade para entender ben a obra?
- → Que opinan do final «aberto«da obra?
- → Nunha obra de teatro a dimensión estética debe tamén estar presente. Como valoran os logros estéticos, isto é, artísticos, da obra?

Unha opción tamén pode ser propoñerlles que continúen a obra onde esta quedou, engadindo novas escenas, por exemplo, partindo da lectura complementaria das citas ●, que nese caso deberían entregarse antes de ver a representación. Dispoñible tamén información sobre a peza ● que pode ser de utilidade para esta actividade.

●Anexo 2
Citas

●Anexo 3
Filosofar a paus

Concluiremos a sesión 2 retomando o debate da sesión 1 tomando en consideración as novas ideas proporcionadas pola asistencia á obra.


Actividade 3

Na procura das mulleres filósofas

O canon filosófico que o ensino académico da filosofía fixa no currículo tense organizado ao redor dun número reducido de «grandes filósofos» que son tamén «grandes homes». Non figura nin unha soa muller agás mencións, ata o de agora practicamente marxinais, a filósofas contemporáneas (do século XX en diante). Pero isto non significa que antes non existiran mulleres filósofas, como se evidencia en Filosofar a paus.

O que se proporá nesta sesión é ampliar a investigación iniciada pola protagonista da obra. A estes efectos, o alumnado formará grupos de traballo (suxerimos que preferentemente mixtos agás que se queira estudar especificamente en que medida os grupos organizados segundo xénero acaban chegando, ou non, a conclusións diferenciadas) aos que se encomendará desenvolver a pescuda seguindo vías independentes ou comúns, segundo se indicará máis adiante.

Como punto de partida común, terase en conta os seguintes autores canónicos e as súas respectivas épocas:



Filosofía clásica / **S. IV a. C. - s. III d. C**
Sócrates. Platón. Aristóteles. Cínicos. Estoicos. Epicuro.

Filosofía medieval / **S. IV - s. XIII**
Agostiño de Hipona. Tomé de Aquino.

Filosofía Renacentista / **S. XIV – XVI**
Maquiavelo. Montaigne. Erasmo.

Filosofía Moderna / **S. XVII – XIX**
Descartes. Locke. Spinoza. Leibniz. Hume. Rousseau. Voltaire. Diderot. Kant. John S. Mill. Marx.

Filosofía Contemporánea / **S. XX – XXI**
Freud. Ortega y Gasset. Heidegger. Wittgenstein.

Cada grupo escollerá dous dos períodos e tratará de identificar mulleres filósofas que tiveran presenza neses períodos.

Como vía para desenvolver a investigación, o profesorado poderá optar ben por promover unha única vía para todos os grupos, ben por varias diferentes segundo os grupos, ou ben varias que poderán combinar a vontade cada un dos grupos. En calquera caso, deixarase sempre aberta a posibilidade de que sexa o propio grupo quen introduza algunha vía de investigación nova como resultado da propia iniciativa. ●

● Anexo 4
Bibliografia para a investigación.

Deberá quedar claro que o obxectivo non é amorear un listado exhaustivo de mulleres filósofas, senón seleccionar un número limitado (de dúas a tres) por cada período, que se poidan considerar representativas, ben pola importancia e repercusión das súas achegas ou ben por algún aspecto significativo que se deberá salientar (por exemplo: censura, represión ou persecución que sufriu polas súas ideas ou pola súa condición de muller, silenciamento da súa obra e da súa figura polas mesmas razóns, etc.). ●

● Anexo 5
Cadro histórico.

■ Recurso 1
Modelo ficha

Unha vez identificada cada muller filósofa, farase dela unha ficha ■, na que se incluirá data de nacemento e morte (agás, naturalmente, que se trate dunha filósofa contemporánea aínda viva), unha imaxe da súa figura, título da súa obra ou obras principais, e unha selección de citas. O obxectivo destas fichas é elaborar unha exposición no centro educativo de figuras femininas na filosofía e das súas obras. Desta forma o alumnado converterase en divulgador da obra destas mulleres entre a comunidade educativa.



Mary Wollstonecraft
1759-1797

Obra:
A Vindication of the Rights of Woman. 1792.
Original Stories from Real Life. 1788.

Citas:

As mulleres non se deben dobregar á autoridade da razón, no canto de ser as modestas escravas da opinión.

O galardón máis sagrado da sociedade é a amizade

ELAS PRE- SEN- TES

Completada a actividade, **cada grupo elixirá unha filosofa de cada época para facer carteis coas imaxes das filósofas seleccionadas ■, acompañadas dunha cita significativa e un código QR.**



A arte parece ser o empeño por descifrar ou perseguir a pegada deixada por unha forma perdida de existencia.

—María Zambrano

ELAS PRE- SEN- TES



■ Recurso 2
Modelo cartaz

A información das fichas das filósofas estará contida nun blog ao que estarán ligados os códigos QR de cada ficha. Introduce a URL do blogue en dita páxina e crea o QR ■.

Podemos utilizar a páxina blogger.com e crear unha conta de correo común para toda a clase que permita editar o contido do blogue. O usuario e contrasinal deben ser coñecidas por todo o alumnado e mailo/a profesor/a.

Unha vez que temos a conta de correo crearemos o blog, que pode levar por título: *Elas Presentes*.

Posteriormente será o alumnado quen elabore as entradas do blog coa información das filósofas.

Anteriormente indícase que as persoas que compoñen a comunidade educativa poden acceder a información sobre as autoras e as súas obras a través de códigos QR.

A exposición estaría preparada e lista para servir como ferramenta de divulgación de mulleres filósofas.

É posible que todo o traballo non se poida concluír nunha soa sesión. Nese caso, deixarase parte para facelo na seguinte e última sesión.

Xerar códigos QR

Actividade 4:

Un novo discurso filosófico sobre a muller

Os grupos retomarán as súas fichas para confrontar a concepción da muller que se desprende do estudado sobre elas coa predominante nos autores masculinos da época. Para iso poderán buscar información sobre esas concepcións acudindo ás mesmas fontes consultadas, a maioría das cales non só presentan o pensamento das mulleres filósofas senón tamén en que puntos se opoñían ao pensamento patriarcal dominante. Téñase logo presente que neste intre o que nos interesa non son en xeral as achegas filosóficas tanto dos homes como das mulleres, senón especificamente as que se refiren á concepción da muller que delas se deriva.

●Anexo 2
Citas

Para facilitar o traballo, e tendo presente que é ben posible que o reducido tempo dunha clase non permita desenvolver a actividade de investigación por parte do alumnado de forma completa, como sería o ideal, inclúese unha compilación de citas ● directamente relacionadas coas distintas concepcións da muller, tanto dalgúns dos principais filósofos incluídos no currículo como de filósofas.

Como conclusión, deberán elaborar uns cadros nos que figuren confrontadas as concepcións da muller dos filósofos e das filósofas dunha mesma época.

Mais a actividade non debería concluír aquí. Trataríase finalmente de que o alumnado elaborase o seu propio «discurso» sobre a muller e os seus dereitos hoxe. Para iso debería afrontar preguntas coma estas:

- → Cales son as ideas sobre a muller, de todas as estudadas, que considerades aínda vixentes? Cales as «superadas» ou rexeitadas?
- → Cres que tanto esa vixencia como ese rexeitamento son unánimes, no sentido de que son os predominantes en todos os países?

- Tomando en consideración tan só a sociedade galega e española, pensades que son unánimes no sentido de que son os predominantes tanto entre os homes como entre as mulleres? En todos os grupos sociais (tanto con elevada como escasa formación cultural, tanto de clase social baixa como media ou alta, etc.)?
- Aínda aceptando que son predominantes, cres que quedan grupos de xente que se afastan desa unanimidade?
- Á marxe de cal sexa a situación real de predominio ou rexeitamento que atribuídes a unhas ou outras ideas, cales credes que deberían ser as ideas sobre a igualdade ou desigualdade entre homes e mulleres en función do que é máis xusto?

Concretadas as ideas que sustentan o «discurso» propio sobre as mulleres (que será redactado individualmente ou de novo en grupo, a decisión do profesorado), ese discurso debería concluír adoptando a forma dunha serie de frases que poidan ser exhibidas nuns carteis, asinados por cada grupo.

A sesión pecharase coa posta en común e debate arredor dos distintos cartaces.

Judith Butler



Bibliografía

Ben-Ami Scharfstein: *Los filósofos y sus vidas. Para una historia psicológica de la filosofía*. Cátedra, 1996.

Bonnie Anderson e Judith P. Zinser: *Historia de las mujeres* (2 vol.). Ed. Crítica, 1991.

Giunio De Martino e Marina Bruzzese: *Las filósofas*. Cátedra, 2000.

Inés Fernández Buján: *As mulleres na Filosofía*. Baía Edicións, 2006.

Simone de Beauvoir: *O segundo sexo*. Xerais/Xunta de Galicia, 2008.

María Zambrano: *Hacia un saber sobre el alma*. Alianza, 2000 (3ª reimpr., 2004).

Filmografía

Mi hija Hildegart (Fernando Fernán Gómez, 1977)

María querida (José Luis García Sánchez, 2004)

Visión. La historia de Hildegard von Bingen (Margareth von Trotta, 2009)

Ágora (Alejandro Amenábar, 2009). Sobre Hipatia de Alexandría.

Hannah Arendt (Margareth von Trotta, 2013)

Lou Andreas-Salomé (Kordula Kablitz Post, 2016)

Anexos

Anexo 1 *Cuestionario*

Actividade 1

→ **Cita o nome de tres filósofos (homes) célebres.**

→ **Cita o nome de tres filósofas célebres.**

→ **Por que cres que son moito máis numerosos os filósofos cás filósofas nos libros de Filosofía e de Historia da Filosofía?** Marca as respostas que coincidan co teu punto de vista:

- ❑ Os homes teñen unha mellor disposición natural para a reflexión analítica e racional propia dos estudos filosóficos mentres que a disposición natural das mulleres oriéntaas cara ao coidado afectivo e a expresión emocional.
- ❑ As condicións sociais na maioría dos períodos históricos non permitiron que as mulleres desenvolveran a actividade filosófica.
- ❑ As contribucións filosóficas das mulleres non teñen un valor semellante ás dos homes que ocupan os lugares importantes na historia da filosofía.
- ❑ Os prexuízos sociais e os estereotipos de xénero (que atribúen roles diferentes para homes e mulleres) contribuíron ao silenciamento da actividade filosófica das mulleres.

→ **Das seguintes frases, sinala cales coinciden coa túa opinión e explica por que:**

- ❏ Non hai unha mesma prudencia na femia e no varón, nin un mesmo valor ou xustiza, senón que hai un valor para mandar, propio do varón, e outro para servir, que é o da femia.
- ❏ Se as mulleres gobernasen, non habería tantas guerras.
- ❏ O home non debe cubrir a súa cabeza por canto é imaxe e gloria de Deus: pero a muller débea cubrir porque é a gloria do seu marido, pois o home non foi sacado da muller senón esta do home. Ademais de que este non foi creado por causa da muller senón que esta foi creada para el.
- ❏ O feminismo é un intento, condenado ao fracaso, de modificar as relacións naturais entre homes e mulleres.
- ❏ As diferenzas biolóxicas non xustifican as diferenzas sociais, nin en canto a raza ou etnia, nin en canto a sexo.
- ❏ As mulleres por natureza deben estar sometidas ao home, pois iso é o que acontece tamén no mundo animal, onde o macho é quen domina e a femia a dominada.
- ❏ A muller non nace, a muller faise.
- ❏ A modestia e castidade son deberes das mulleres, non dos homes, como o proba que en todas as civilizacións de todas as épocas houbo sempre máis permisividade coa promiscuidade masculina que coa feminina.
- ❏ As principais diferenzas que se observan entre as competencias laborais e sociais de homes e mulleres son o resultado da educación e formación recibida e non de propiedades biolóxicas propias de cada sexo.
- ❏ Non haberá sociedades xustas ata que homes e mulleres teñan os mesmos dereitos e deberes como cidadáns iguais.

Angela Davis



Anexo 2 *Citas*

Actividade 2

Actividade 4

Anaxágoras (500 – 428)
Sobre Aspasia

Nosoutros, os xonios, compracémonos en pensar que as nosas mulleres sobrancean pola graza das súas maneiras e da súa persoa, polos seus fondos afectos e a súa pracenteira vivacidade. Aspasia posuía todas esas calidades en grao sumo, así como calidades intelectuais que serían excepcionais nun ou noutro sexo en calquera país. A súa intelixencia era de por si pronta e posuía moitos coñecementos; non estaba satisfeita cos coñecementos xa adquiridos, como o está decote xente moito menos informada ca ela. Adoitaba discutir de filosofía comigo tan asisadamente como de poesía con Sófocles ou de política con Pericles, e a súa conversa sobre estes temas resultaba polo menos tan estimulante para nós como a nosa para ela. Non é cousa de se marabillar que sentísemos pracer na súa compaña!

—*Fragmentos*


Aspasia

Aristóteles (384 – 322 a. C)

A femia é coma se fose un macho estéril; de facto, a femia é femia por unha incapacidade, a saber, porque non pode producir seme, o que é debido á súa natureza fría (… …) … a femia é coma se fose un macho deforme, e a descarga menstrual é seme, mais impuro, fáltalle un elemento fundamental, a alma. Este elemento ten que ser proporcionado polo seme masculino, e cando o residuo feminino o reciba, daquela fórmase o feto.

—*Sobre a xeración dos animais*. Libro I.

Eran tres as partes do goberno da casa: a de amo, da que xa se falou antes, a de pai e a terceira a de marido: goberna muller e fillos, como libres en ambos casos, pero non co mesmo xeito de goberno, senón que o goberno da muller é de xeito político, o dos fillos coma o do rei. Porque o varón é por natureza máis capaz para o mando que a femia, fóra de que haxa algunha circunstan-

Anexo 2

cia contra natura, e o de máis anos e maduro máis capaz que o de menos e inmaturo.

—Política. I, XII, 1259 a-b.

O libre manda no escravo doutro xeito que o varón na femia e o home no neno, e en todos hai partes da alma, pero hainas de xeito diferentes, pois o escravo non ten en absoluto capacidade deliberativa; a femia si a ten, pero sen autoridade; o neno si a ten, pero imperfecta. (… …) … e non hai unha mesma prudencia na femia e no varón, nin un mesmo valor ou xustiza, como cría Sócrates, senón que hai un valor para mandar e outro para servir.

Política. I, XIII, 1260 a.



Pablo de Tarso

Pablo de Tarso (5 – 67 d. C. aprox.)

Polo perigo de cometer fornicación, convén que cada home teña a súa muller e cada muller o seu marido. O marido está obrigado a pagar á súa muller o débito, e a muller do mesmo xeito ten obriga de corresponder ao seu marido. Porque nin a muller é señora do seu mesmo corpo, senón o marido; nin este é dono do seu senón a súa muller.

—Epístola aos Corintios 1ª, VII, 2 – 6.

O home non se debe cubrir a cabeza por canto é imaxe e gloria de Deus, mais a muller débea cubrir porque é a gloria do seu marido; pois o home non foi sacado da muller senón esta do home. Ademais de que este non foi creado por causa da muller senón que esta foi creada para el. Por todo isto a muller debe ter cuberta a cabeza na asemblea dos fieis, en sinal da potestade que o home ten sobre ela e por respecto aos Anxos.

—Epístola aos Corintios 1ª, XI, 6 – 10.

As mulleres, na asemblea dos fieis, terán a boca calada, pois a elas non se lles concede a autoridade de ensinar; permanezan na obediencia dos homes como manda a lei. Se acaso desexan saber algo, pódenllo preguntar aos seus maridos porque é cousa indecorosa que as mulleres falen nos templos.

—Epístola aos Corintios 1ª, XIV, 34 – 35.



Cristina de Pizán

Cristina de Pizán (1364 – 1430)

Porfío no parecer, e ninguén poderá manter o contrario, de que se fose costume mandar as nenas pequenas á escola e ensinalas as ciencias con método, como se fai cos nenos, elas aprenderían e entenderían o segredo de todas as artes e as ciencias tan ben coma eles.

—*A Cidade das Mulleres*. Libro I, cap. 27.

Maquiavelo (1469 – 1527)

Conclúse daquela que, como a fortuna varía e os homes teiman en proceder dun mesmo modo, serán felices mentres vaian acordes coa sorte e infelices cando estean en desacordo con ela. Porén, considero que é preferible ser impetuoso e non cauto, porque a fortuna é muller e faise preciso, de querer tela submisa, golpeala e vilipendiala. E vese que se deixa someter mellor por estes que polos que actúan con tibieza. E, como muller, é amiga dos mozos, porque son menos prudentes e máis fogosos e impóñense con máis audacia.

—*O Príncipe*, Cap. XXV.

David Hume (1711 – 1776)

En París pasei uns anos marabillosos e tentado estiven de quedar a vivir alí, onde era admirado polos homes máis dotados e agasallado polas damas. Mais debo dicir que Francia non me parece un país que mereza ser imitado. Enaltecen de máis ás mulleres cando a natureza fai delas que deban estar sometidas ao varón, ademais de que a súa inferioridade e doenzas son absolutamente incurables. Pois ben en París esas mulleres, mesmo de costumes en nada virtuosas, son as donas e soberanas.

A modestia e castidade son deberes do «belo sexo», non do home. Isto é así por interese da sociedade civil e para demostralo só temos que apelar á práctica e ás opinións de todas as nacións e épocas.


—*Autobiografía*

Anexo 2

Rousseau (1712 – 1778)

A procura de verdades abstractas, dos principios e axiomas das ciencias, non está ao alcance das mulleres, elas non teñen nin a precisión nin a atención abondas para ter éxito nos estudos científicos. A muller observa, é o home quen razoa. A muller debe ser educada para os labores da casa, a atención do marido e o coidado dos fillos. A verdadeira nai de familia, lonxe de ser unha muller mundana, manterase recluída na súa casa apenas menos do que o están as relixiosas nos seus claustros. Ese é o espírito no que deberá ser educada Sofía se queremos que sexa a esposa que haberá de facer feliz a Emilio.

—*Emilio*. Libro V, «A educación de Sofía».


Jean-Jacques Rousseau

Preferiría mil veces ter unha moza caseira, educada de forma sinxela, ca unha dama instruída e de talento que faría da miña casa un círculo literario e se instalaría ela mesma coma a súa presidenta. Unha muller sabia é un castigo para o seu esposo, os seus fillos, os seus criados, para todo o mundo. Desde a elevada estatura do seu xenio, despreza todos os deberes femininos e está intentando facerse a si mesma un home, como a señorita de L'Enclos.

A esposa infiel é peor ca o esposo infiel; ela esnaquiza a familia e rompe os lazos da natureza; cando dá ao seu esposo fillos que non son del, ela é falsa tanto diante deste como diante da sociedade, polo que o seu crime non é infidelidade senón traizón. Na miña opinión, isto é a fonte de discordia e de toda clase de crimes.

—*Confesións*[2]

Kant (1724 – 1804)

Unha muller que ... se ocupa de controversias fundamentais sobre a mecánica, como a marquesa de Chatelet, podía deixar a barba.

—Cit. en Bonnie Anderson e Judith P. Zinser:
Historia de las mulleres, vol. 2. Ed. Crítica, 1991, páx. 139.

2 https://www.atramenta.net/lire/les-confessions/3487/8#oeuvre_page

Anexo 2

Olympe de Gouges (1748 – 1793)

Home, es quen de ser xusto? É unha muller quen cho pregunta; ti non lle negarás este dereito. Dime? Quen che deu o soberano imperio de oprimir o meu sexo? A túa forza? Os teus talentos? Observa ao creador na súa sabedoría; percorre a natureza na súa grandeza á que parece que te queres achegar, e dáme, se ousas, un exemplo deste imperio tiránico. Remóntate ata os animais, consulta os elementos, estuda os vexetais, bota unha ollada en fin sobre todas as modificacións da materia organizada, e réndete á evidencia cando che ofreza os medios. Busca, rexistra e distingue, se podes, os sexos na administración da natureza. Por todas as partes atoparalos confundidos, por todas cooperan nun conxunto harmonioso a esa obra inmortal. Só o home se ten torpemente investido dun principio con esa excepción. Estraño, cego, envaidecido de ciencias e dexenerado, neste século de luces e de saberes, na ignorancia máis crasa, quere mandar cal déspota sobre un sexo que recibiu todas as facultades intelectuais, pretende gozar da Revolución e reclamar os seus dereitos á igualdade sen dicir nada do resto.

—Declaración dos Dereitos da Muller e da Cidadá.



Olympe de Gouges

Mary Wollstonecraft (1759 – 1797)

Quero resumir o que dixen nunhas poucas palabras, xa que aquí tiro a miña luva e nego a existencia de virtudes propias dun sexo, sen exceptuar a modestia. A verdade, se entendo ben o significado da palabra, debe ser a mesma para o home e a muller; aínda que o carácter imaxinativo feminino, tan ben debuxado por poetas e novelistas, ao demandar o sacrificio da verdade e da sinceridade, converte a virtude nunha idea relativa que non ten ningún outro fundamento que a utilidade, e sobre esa utilidade queren xulgar arbitrariamente os homes, moldeándoa á súa propia conveniencia. Admito que as mulleres poidan ter diferentes obrigas que cumprir, pero son obrigas humanas, e os principios que deben regular o seu desempeño delas, manteño con firmeza que deben ser os mesmos. Cómpre facerse respectar e exercitar o entendemento, xa que non hai ningún outro fundamento para obter un carácter independente. Quero dicir explicitamente que só deben dobregarse ante a autoridade da razón, no canto de ser as modestas escravas da opinión.

Anexo 2

Rousseau declara que unha muller non debería sentirse nin por un momento independente, que debería rexerse polo medo a poñer en exercicio a súa astucia natural e converterse nunha escrava presumida para resultar, así, un obxecto de desexo aínda máis atraente, ademais dunha compaña máis doce para o home cando este precise descanso. E aínda leva máis alá o argumento que quere extraer das indicacións que lle proporciona a natureza e insinúa que a verdade e a fortaleza, pedras angulares de toda virtude humana, deben de cultivarse con certas restricións porque, no que respecta ao carácter feminino, a gran lección que debe imprimirse con carácter indeleble é a obediencia. Vaia parvada!



Mary Wollstonecraft

(... ... ...) Non se deixa ás nenas un só momento ao seu antollo e, unha vez que se consegue facelas dependentes decrétase que a dependencia é algo natural.

—*Vindicación dos dereitos da muller.* Sotelo Blanco Edicións, 2004.

Hegel (1770 – 1831)

Se as mulleres controlasen o goberno, o estado estaría en perigo porque elas non actúan segundo os ditados das regras universais senón que se deixarían influenciar por inclinacións e opinións ocasionais.

—Cit. en Bonnie Anderson e Judith P. Zinser: *Historia de las mulleres*, vol. 2. Ed. Crítica, 1991.

Nietzsche (1844 – 1900)

E así o filósofo sente horror do matrimonio e de todo aquilo que o puidese persuadir a contraelo, —o matrimonio como atranco e fatalidade no seu camiño cara o optimum—. Que gran filósofo estivo casado ata o de agora? Heráclito, Platón, Descartes, Spinoza, Leibniz, Kant, Schopenhauer non o estiveron; aínda máis, nin sequera podemos imaxinalos casados. Un filósofo casado é un personaxe de comedia, esta é a miña tese: e polo que se refire a aquela excepción, Sócrates, parece que o malicioso Sócrates casou ironice [ironicamente], xustamente para demostrar esta tese.

—*A xenealoxía da moral*. Tratado 3º, 7.

Anexo 2

Dúas cousas quere o home auténtico: perigo e xogo. Por iso quere el á muller, como o máis perigoso dos xoguetes.

O home debe ser educado para a guerra, e a muller, para a recreación do guerreiro: todo o demáis é parvada. E a muller ten que obedecer e ten que atopar unha profundidade para a súa superficie. Superficie é o ánimo da muller, unha móbil pel tempestuosa sobre augas non profundas.

Pero o ánimo do home é profundo, a súa corrente roxe en cavernas subterráneas: a muller presente a súa forza, mais non a comprende...

É estraño, Zaratustra coñece pouco ás mulleres, e, con todo, ten razón sobre elas! Ocorre isto porque na muller nada é imposible?

«E agora toma, en agradecemento, unha pequena verdade! Eu son vella abondo para ela!

Envólvea ben e tápalle a boca: do contrario berra a plena voz, esta pequena verdade».


«Dáme, muller, a túa pequena verdade!», dixen eu. E así falou a velliña:

«Vas con mulleres? Non esquezas o látego!».

—*Así falou Zaratustra*, 1ª parte, Das vellas e das mozas.

A muller é indiciblemente máis malvada ca o home, tamén máis lista; a bondade na muller é xa unha forma de dexeneración. No fondo as mulleres emancipadas son as anarquistas no mundo do eterno «feminino», as fracasadas, cuxo instinto máis radical é a vinganza.

—*Ecce homo*, «Por que escribo eu libros bos?»



Nietzsche

Nunca permitirei que se fale da igualdade de dereitos do home e da muller no amor: esa igualdade non existe. Isto débese a que o home e a muller entenden por amor cadaquén unha cousa distinta e cóntase entre as condicións do amor en ambos os dous sexos que o un non presupoña no outro o mesmo sentimento, o mesmo concepto de «amor». O que a muller entende por amor está ben claro: entrega perfecta (non só abnegada dedicación) de corpo e alma, sen miramento ningún, sen reserva ningunha, con pudor e horror máis ben diante da idea

Anexo 2


dunha entrega sometida a cláusula e condicións. Por esta ausencia de condicións o seu amor é unha fe: a muller non ten outra. Cando ama a unha muller, o home quere dela xustamente ese amor, polo que cabe dicir que o home, no que a el respecta, está absolutamente afastado do presuposto do amor feminino; e se hai amor aos que non lles sexa alleo o degoro de abnegación perfecta, é que non son homes. Un home que ama como unha muller convértese nunha muller máis perfecta. A muller entrégase, o home acepta: coido que esta contraposición natural nunca se superará.

—*A Gaia Ciencia*. 363: «Como cada sexo ten o seu prexuízo sobre o amor».

Simone de Beauvoir (1908 - 1986)

Téñome anoxado algunha vez, no decurso de discusións abstractas, ao escoitar a certos homes dicirme: «Vostede pensa tal cousa porque é unha muller»; ben sabía que a única defensa era responderlle: «Pénsoa, porque é verdadeira», eliminando así a miña subxectividade; non se trataba de replicar: «E vostede pensa o contrario porque é un home».

Para os antigos existe un tipo humano absoluto que é o masculino. A muller ten ovarios, útero: estas son as condicións singulares que a encerran na súa subxectividade; dise sen reparos que pensa coas glándulas. O home esquece de maneira incrible que a súa anatomía está constituída tamén por hormonas, por testículos. Percibe o seu corpo como unha relación directa e normal co mundo ao que cre aprehender na súa obxectividade, en tanto que considera o corpo da muller lastrado.



Simone de Beauvoir

No momento en que as mulleres comezan a tomar parte na elaboración do mundo, este segue a ser aínda un mundo que pertence aos homes. Negarse a ser a Outra, rexeitar a complicidade co home, sería para elas renunciar a todas as vantaxes que lles pode conferir a alianza coa casta superior. O home-soberano protexerá materialmente á muller-súbdita, encargándose de xustificar a existencia dela; así, xunto co risco económico, ela está a esquivar o risco metafísico dunha liberdade que debe inventar os seus fins sen axuda.... O home que

Anexo 2

designa á muller como un Outro atopará nela, pois, profundas complicidades.

A muller non nace, a muller faise.

—*O segundo sexo*. Edicións Xerais de Galicia, 2008.

María Zambrano (1904 - 1991)

Se é algo a muller na vida dun home como Nietzsche —se cadra, de todo home— é creadora de orde. Ordenar graciosamente a barbarie dos instintos, a selva do sentimento, a contradición dos degoiros, foi a misión que declinou Lou Salomé fronte a Diónisos xermánico.

—*Hacia un saber sobre el alma*. Alianza, 2000 (3ª reimpr., 2004).



María Zambrano

Anexo 3 *Filosofar a Paus*

Actividade 2

Filosofar a Paus propón ao público resolver un enigma: A desaparición das mulleres da historia da filosofía. Con ese obxectivo, un actor e unha actriz convocarán en escena a presenza de figuras como Hiparquía a cínica ou Simone de Beauvoir, mais tamén interrogarán a filósofos como Aristóteles, Hume ou Rousseau.

Entre o thriller detectivesco, a aventura de superheroes —e superheroínas— e o cinema de epidemias, *Filosofar a Paus* proponse convidar ao público a desenvolver a súa propia aventura: a de pensar de forma crítica sobre o silencio, cando non as mentiras, aos que a «gran filosofía», a que se estuda nos manuais de Historia da Filosofía, someteu as mulleres.

Filosofar a Paus é un espectáculo teatral pensado para dirixirse ao público adolescente e con ese fin utiliza unha serie de recursos específicos para esas idades: o seu estilo ameno e divertido, a utilización dunha linguaxe directa, o uso de referentes culturais actuais, unha interpretación fresca e sen complexos e un elenco formado por unha actriz e un actor familiares para o público xuvenil.

Estruturada como un falso *work in progress* no que se afronta a creación dun espectáculo teatral sen partir dun texto preconcibido, senón cun concepto ou unha tese previa como orixe, *Filosofar a paus* mostra, por tanto, certas claves da creación contemporánea como son a investigación artística ou a ruptura das convencións teatrais. Esta última cuestión é a que toma maior relevancia e serve como gancho para un público adolescente que está moi acostumado, a través de produtos audiovisuais, a relatos fragmentarios con continuas rupturas da acción. Este recurso é básico para crear ese ambiente de frescura


Anexo 3

e improvisación necesario para dar a impresión ás persoas que asisten ás representacións, de que non se está a seguir un guión marcado, de que calquera cousa pode acontecer sobre o palco. Falamos pois da continua creación de expectativas, ou o que é o mesmo, do mantemento do interese dun auditorio que vai descubrindo ao tempo que o propio elenco as conclusións do espectáculo.

Pero estas interrupcións e saltos na trama teñen tamén un valor temático ao permitiren establecer un diálogo entre os dous planos presentes na peza: o actor e a actriz e os personaxes que interpretan. A través dese diálogo introdúcense cuestións transversais como os límites do humor, a importancia da linguaxe inclusiva ou a aparición de machismos sutís nas nosas actividades cotiás.

Así *Filosofar a Paus* conta a historia dunha rapaza e un rapaz que pretenden facer un espectáculo teatral co obxectivo de demostrar o seguinte siloxismo:

> «Os homes e as mulleres son iguais en canto á súa capacidade para pensar. Logo, se os homes ao longo da historia procuraron a través da filosofía o descubrimento da súa esencia, tamén as mulleres puideron e poderán facelo.»



Para o seu razoamento, crearán tres escenas tomando como base as ideas presentes na estrutura conceptual que Virginia Woolf utilizou no seu texto «Un cuarto de seu», e que na peza teatral serían: que di sobre as mulleres a filosofía feita por homes?; que di a filosofía formulada polas mulleres?; e cal é a conceptualización do feminino segundo as propias mulleres?. Seguindo esta organización, e co obxecto de desenvolver cada unha das escenas, tománse como protagonistas tres personaxes históricos que, seguindo a mesma orde anterior, serían: Rousseau, Hiparquía de Menorea e Simone de Beauvoir.

A nivel estilístico, a peza utiliza o humor e a parodia como mellor xeito de achegar a este tipo de público o seu discurso,

Anexo 3

sen unha vontade adoutrinante ou de mera transmisión de contidos. O fin último de todo produto cultural debe ser a de permitir a cadaquén a elaboración do seu propio razoamento crítico.
A parodia está presente a través do uso na peza de xéneros, ou subxéneros, cinematográficos que tradicionalmente contan con grande aceptación entre a adolescencia. A parodia, e polo tanto o humor, permite ao público distanciarse e tomar o aire suficiente para manter a necesaria actitude analítica de todo o que acontece sobre o palco.

En canto a cuestións estéticas, a escenografía de *Filosofar a Paus* caracterízase pola súa adaptabilidade, requisito indispensable para garantir que poda ser representada en calquera espazo escénico. Recorremos a materiais presentes en calquera aula ou centro escolar coa vontade de achegar a peza ao ambiente natural do público ao que se dirixe, fomentando desa maneira a identificación cos personaxes da actriz e do actor. Despois de todo, buscamos que os sintan como un espello, que sintan que poderían ser eles e elas quen están sobre o palco.
Con esa mesma vontade, o vestiario reproduce a vestimenta habitual de calquera adolescente mais, ao igual que no contido da peza, fuxindo de calquera tópico de xénero.



Anexo 4 *Bibliografía*

Actividade 3

→ Pescudando a partir dun buscador de sitios web. Pode iniciarse a pescuda simplemente anotando frases do tipo: «mulleres filósofas», «mulleres filósofas na filosofía antiga...», ou semellantes.

→ Investigando a partir dos libros cos que conta a biblioteca do centro. Neste caso o proceso de búsqueda iniciarase consultando enciclopedias ou libros de historia.

→ Investigando a partir de obras especializadas no tema, proporcionadas polo profesorado.

Neste sentido, suxerimos as seguintes:

Historia de las mujeres (2 vol.)
Bonnie Anderson e Judith P. Zinser. Ed. Crítica. 1991

Historia de las mujeres en Occidente (5 vol.)
Georges Duby e Michelle Perrot. Editorial Taurus. 1993-1994

Las filósofas.
Giunio de Martino e Marina Bruzzese. Cátedra. 2000

As mulleres na Filosofía.
Inés Fernández Buján. Baía Edicións. 2006

Mujeres en la historia. Guía Didáctica.
Rosa María Cid López (coord). Instituto Asturiano de la Mujer. 2009

Historia de las mujeres filósofa[1].
Gilles Ménage. Herder. 2009

Mujeres filósofas en la historia. Desde la antigüedad hasta el siglo XX
Ingebort Gleichauf. Icaria editorial. 2010

1 Esta obra pódese consultar na rede: https://docs.google.com/ewer?a=v&pid=sites&srcid=ZGVmYXVsdGRvbWFpbnxpZnJqZmlsb3NvZmlhfGd4OjEwNTA1YmM1N2QyOTVmMTU

→ Investigando a partir de webs especializadas. Entre as moitas existentes, suxerimos as seguintes:

http://www.mujeresenred.net/

https://www.nodo50.org/mujeresred/historia-feminismo1.html

https://www.nodo50.org/mujeresred/historia-feminismo2.html

https://www.nodo50.org/mujeresred/historia-feminismo3.html

https://www.nodo50.org/mujeresred/historia-feminismo4.html

https://gl.wikipedia.org/wiki/Wikipedia:Wikiproxecto_mulleres/Lista_de_filósofas

https://www.educaciontrespuntocero.com/recursos/mujeres-fi-lósofas-estudiar-aula/78607.html

https://www.publico.es/sociedad/admiralas-diez-mujeres-claves-historia.html

Anexo 5 *Cadro histórico*

Actividade 3

CLÁSICA S. V a. C. - s. III d. C.	**Aspasia de Mileto** **Areté de Cirene** **Hiparquia a cínica** **Diotima de Mantinea** (Banquete de Platón). **Lastenia de Mantinea** e **Asiotea de Filos**, alumnas da Academia. **Hipatia de Alexandría** (370-415)
CRISTIÁ MEDIEVAL S. IV - s. XIII.	**Hildegarda de Bingen** (1098-1179)
RENACENTISTA S. XIV – XVI.	**Cristina de Pizán** (1364-1430)
MODERNA S. XVII – XIX.	**Anna María van Schurman** (1607-1678) **Isabel, princesa de Bohemia** (1618-1680) **Thérèse de Marguenat de Courcelles, Mme de Lambert** (1647-1733) **Émile de Breteuil, Marquesa de Chatelet** (1706-1749) **Olympe de Gouges** (1748-1793) **Mary Wollstonecraft** (1759-1797) **Lou Andreas-Salomé** (1861-1937)
CONTEMPORÁNEA S. XX – XXI	**María Zambrano** (1901-1991) **Hanna Arendt** (1906-1975) **Simone de Beauvoir** (1908-1986) **Simone Weil** (1909-1943) **Hildegart Rodríguez** (1914-1933) **Betty Friedan** (1921-2006) **Agnes Heller** (1929) **Martha Nusbaum** (1947)

Recursos



Nome:

Periodo:

Obra:

Citas:

ELAS PRE-SEN-TES




Nome:

Periodo:

Obra:

Citas:

ELAS PRE-SEN-TES



código
QR

ELAS
PRE-
SEN-
TES

ELAS PRE-SEN-TES

Berro Bambán

Urdime
PROPOSTAS CULTURAIS

Deputación
DA CORUÑA